

Sra. Débora Álvarez

En resposta a túa carta, as miñas razóns a favor de conseguir as Letras Galegas para Florencio Delgado Gurriarán son moitas e diversas, unhas son persoais e "corgomófilas" e outras son máis xerais e comarcais, voume a referir neste escrito ás segundas.

Se ven a primeira razón é conseguir o recoñecemento do poeta valdeorrés como escritor merecedor das Letras Galegas, non oculto que vai implícita detrás unha segunda razón que considero fundamental, e estou seguro que ata o propio poeta Florencio Delgado Gurriarán estaría de acordo: ***a unión de toda a comarca nun proxecto común.***

Creo fundamental que Valdeorras traballe unida, toda a comarca debe ser un gran equipo para conseguir un maior desenvolvemento cultural i económico. Para iso é preciso ter proxectos comúns nós que tod@s nós sintamos reflectid@s, nós que tod@s podamos aportar, desde @s traballadores/as das canteiras, dos despachos... ata as nenas e nenos que comezan o seu primeiro día na escola. Tod@s traballando xunt@s por Valdeorras, con orgullo.

E agora preguntémonos, que proxecto nós pode unir a tod@s?, cal é o proxecto que pode unir a máis xente dun país, dunha comarca, dunha familia? Para min está claro, ten que ser un proxecto relacionado ca fala, ca lingua, xa que é a ferramenta de comunicación de tod@s.

É a maneira que o avó ou a avoa transmite a súas vivencias ao seu neto ou neta. A fala é o noso tesouro máis apreciado e que ninguén nos poderá roubar endexamais, porque nace da propia terra que nos pariu.

A nosa economía, as nosas leis, a nosa cultura,... non poden, nin deben ser xestionadas desde outra lingua que non sexa a nosa. A lingua é a forza da comarca e do país, é o que nos define. Somos Galegos porque falamos galego. Nacer en Galiza non te fai galego, calquera persoa do mundo pode nacer en Galiza, pero para ser galego é indispensable falar galego.

A poesía é a forma da arte na que se expresa con máis beleza unha lingua, i é o galego unha das linguas con máis historia e beleza que desde séculos cantou e contou as historias do mundo, e tamén a nosa historia.

Un fillo de Valdeorras, Florencio Delgado Gurriarán, converteuse no noso bardo máis destacado que lle cantou a Valdeorras utilizando con mestría a nosa lingua, a nosa poesía. Por iso debemos reivindicar a F.D.G., porque reivindicamos a nosa cultura, a nosa poesía, os nosos símbolos, os nosos artistas.

Por todas estas razóns considero que este proxecto é fundamental e necesario para a nosa comarca.

Anxo Baranga.

Barcelona 7 decembro 2016